



O PSdeG alerta dos "inaceptables movementos" da Xunta para incrementar o prezo dos comedores

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Os socialistas lucenses reclaman unha resposta ante a preocupación da comunidade educativa. "Que expliquen de forma inmediata cales son as súas intencións e se teñen previsto converter os comedores escolares nunha oficina de recadación", afirma o secretario de Educación provincial, Carlos Ferreiro

A Xunta chegou a falar nalgunhas reunións de subir os prezos para os alumnos, e ata o dobre para os mestres, segundo puideron saber os socialistas

O PSdeG-PSOE de Lugo, a través do secretario de Educación provincial, Carlos Ferreiro, esíxelle á Xunta que explique "de forma inmediata e clara" cales son "as súas intencións con respecto aos comedores escolares e se ten previsto convertelos nunha oficina de recadación". Os socialistas reclaman unha resposta despois da preocupación que lles transmiten varios representantes da comunidade educativa polos "movementos" realizados polo Goberno autonómico nas últimas semanas.

O PSdeG lucense critica os "inaceptables movementos e reiteradas manifestacións de responsables da Consellería de Educación" en diferentes ámbitos, nas que os populares expresan a súa disconformidade coas actuais tarifas e a intención de incrementar os prezos dos servizos de comedor dos centros públicos. "Esperamos que a Xunta dea unha resposta urxente e negue estas informacións porque sería inaceptable que, unha vez máis, o fin da austeridade xustifique todos os medios", afirma Carlos Ferreiro. Os prezos incrementaríanse non só para os alumnos senón tamén para o profesorado, chegando a un custo de ata o dobre do que pagan actualmente, segundo as intencións mostradas pola Xunta.

Lugo, 22 de xaneiro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013
psoeprovinciallugo@gmail.com